

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2012/4

**CARACTER:**EXTRAORDINARIA

URXENTE

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 19 de abril de 2012.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as nove horas e cinco minutos do día **19 de abril de 2012** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

Dona María Teresa González Piñeiroa.

D.Xavier Campos López.

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.

D.José Manuel Yañez Dablanca

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Concelleiros ausentes na sesión:**

D<sup>a</sup> Azucena González Loredó.

D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije

**Secretario acctal:**

D. Fidel Maañón López.

**Interventora:**

-----

**Técnico de Admon. Xeral.**

D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

De xeito previo o Sr.Alcalde disculpa ás Sras. Concelleiras dona Azucena González Loredó e dona María del Campo López-Braña Freije que teñen indicado mediante correo electrónico a súa imposibilidade de asistir á presente sesión plenaria.

#### **2012.15.01.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN QUE VEN DADA POLA NECESIDADE DE ADOPTAR ACORDO URXENTE DE SOLICITUDE DE DOTACIÓN DUNHA NOVA RESIDENCIA PARA MAIORES EN RIBADEO.-**

O Sr.Alcalde manifesta que todos os grupos son sabedores dos pasos que se foron dando hasta aquí e que se convocou o Pleno onte para poder adoptar o acordo correspondente.

A Corporación, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acorda a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da mesma.

#### **2012.16.02.- PROPOSTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN DE SOLICITUDE DE CONSTRUCCIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE EN RIBADEO E APOIO Á PLATAFORMA VECIÑAL SOBRE ESTE TEMA.**

Dase conta da Proposta formulada por todos os membros da Corporación Municipal dos diferentes Grupos Municipais que a integran, que se transcribe de seguido:

“Os membros da Corporación Municipal de Ribadeo pertencentes a BNG, PP, UPRI e PSOE queremos propoñer ao Pleno da Corporación a seguinte proposta da necesidade da dotación dunha nova residencia para maiores en Ribadeo, coa argumentación e propostas que se indican de seguido :

A profunda transformación experimentada nas estruturas familiares e a consecución xeral dunhas maiores expectativas de vida nas últimas décadas repercutiron determinadamente nun cambio cualitativo da situación das persoas maiores en relación ao seu entorno familiar, social e mesmo xeográfico, xerando claramente unha **maior demanda de equipamentos e recursos** destinados á atención deste colectivo específico.

Hoxe son moitas **as persoas maiores que viven soas nas súas casas**, sen poder contar cun certo amparo familiar no propio domicilio ou social no entorno de orixe. Pola súa parte, a cada vez máis habitual **lonxevidade e cronificación de moitas patoloxías** fai que en moitos casos a súa autonomía persoal se vexa gravemente resentida. Neste tipo de situacións, o

ingreso da persoa anciá nun CENTRO RESIDENCIAL -que ha de substituír o seu fogar particular, procurar o seu benestar e coidar da súa saúde psicolóxica e física- resulta practicamente imprescindible.

Cuantitativamente, se na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas **persoas de 65 anos en adiante** representa preto do 22% do total da poboación, **no Concello de Ribadeo esta porcentaxe chega ao 23,8 %**, e ascende até o 28,3% no noso núcleo poboacional. Destes **2439** ribadenses con máis de 65 anos, 981 homes e 1458 mulleres, un total de **545 viven sós**, 139 homes e 406 mulleres. Pola contra, canto aos recursos, Ribadeo dispón unicamente dun total de 70 prazas residenciais, o que supón **2.87 prazas por cada 100 ribadenses maiores de 65 anos**, mentres que as recomendacións da OMS se sitúan no ratio de 5%.

Sensible a esta necesidade, hai xa máis dun ano que se puxo en marcha un movemento cívico-social formado polas Asociacións Veciñais do Concello de Ribadeo, que callou na constitución dunha *Plataforma pro Residencia de Maiores*. Dos esforzos desta Plataforma naceu, á súa vez, unha *Comisión Municipal pro Residencia da Terceira Idade*, formada polos portavoces de todos os partidos políticos con representación na Corporación Municipal. Ambas as dúas, Plataforma e Comisión, consideran prioritaria para Ribadeo a consecución dunha Residencia de Maiores, e entenden que tal reivindicación é xusta, é necesaria e está absolutamente xustificada en base aos datos disponibles sobre a situación das persoas maiores no noso Concello. Ademais, Comisión e Plataforma consideran desexable preservar o carácter unitario das accións que se leven a cabo, promovendo o traballo compartido no marco das dúas iniciativas devanditas: o social na Plataforma, o institucional na Comisión.

Considerando, pois,

- que a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser un dos obxectivos prioritarios daquelas políticas públicas que desexen garantir o benestar e a calidade de vida da sociedade no seu conxunto
- que unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria, xusta e inclusiva
- que obxectivamente Ribadeo precisa, no ámbito da atención ás persoas maiores, dun centro residencial que dea resposta ás necesidades sociais detectadas neste sentido

PROPOÑEMOS AO PLENO:

1. Apoiar a reivindicación da construción e posta en marcha dunha Residencia da Terceira Idade no noso Concello e as xestións feitas, neste sentido, pola Comisión Institucional pro Residencia da Terceira Idade, conformada polos representantes dos grupos políticos e membros da plataforma de asociacións veciñais.

2. Solicitar da Xunta de Galicia, como institución determinante na consecución deste obxectivo, a inclusión e previsión en Ribadeo dun centro residencial para maiores dentro do Mapa de Residencias de Galicia.
3. Reclamar o necesario apoio, colaboración e compromiso do conxunto das diferentes administracións para a consecución deste obxectivo.
4. Apoiar a manifestación convocada para o día 22 de abril, ás 12.00 horas, na Praciña de san Roque, pola Plataforma pro Residencia da 3ª Idade. “

O Sr. Alcalde intervén e manifesta que o propio título do punto da Orde do día ven a sintetizar a proposta, cuxo texto está un pouco recollido do estudio que se fixera para presentar á Comisión fai tempo e tamén parte do argumentario é do que presentou á plataforma, coas súas reivindicacións, e cunha serie de argumentarios técnicos e propostas, concretamente 4 que se enumeran no propio escrito e ás que da lectura.

Abrese un turno para debate ou mais ben para poñer encima da mesa as opinións, intervindo en primeiro lugar o Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-SOE dentro do Grupo Mixto que manifesta que debate ningún, que o escrito está asinado por todos e que posto que él asinou conta co seu apoio e que está ben composto e redatado e que se reitera no mesmo dende o primeiro punto ata o último.

O Concelleiro Sr. Reymondez Gancedo, de UPRI, no Grupo Mixto intervén dicindo que tamén está de acordo e que no escrito se reflicte o acordado pola Comisión e que tamén asinou e non se pode entrar a valorar agora punto por punto. Que globalmente está de acordo na liña que se fixou e apoia o indicado.

Intervén a continuación o Sr. Valín Valdés, Concelleiro e portavoz do Grupo Municipal Popular que pide que se lle permita intervir xa que o seu partido deu liberdade aos seus afiliados e simpatizantes para posicionarse neste tema e que de entrada como asinante están totalmente de acordo como xa manifestaron na propia Comisión.

Dí que lle gustaría que constase en acta a postura do seu Grupo. Manifesta que se presentaron ás eleccións en Ribadeo tendo clara unha cousa, que no lugar que lles correspondera, se fose goberno intentarían facer o mellor por este pobo como xa fixeron mentres gobernaron durante oito anos, e no caso de ser dende a oposición, como é neste caso, como grupo maioritario da mesma actuar con responsabilidade política e traer o mellor para o Concello como así o veu facendo nos catro anos anteriores o Grupo Popular aínda que ás veces se lles acusara de ser comparsa do equipo de Goberno ou de manter un “idilio” como mesmo, nada mais lexos da realidade e que o que se trataba foi de exercer con responsabilidade e que pensan seguir mantendo.

Continúa indicando que un dos proxectos estrela do seu programa electoral era precisamente unha Residencia de maiores para Ribadeo, dotada dun centro de día e dun servizo específico para persoas enfermas de alzheimer e dependentes, e dí que ambas dúas cousas, a responsabilidade política mais o previsto no seu programa electoral foi o que lles fixo participar activamente na Comisión creada para este fin. Dí tamen que se lles deixou, aportar, participar e discrepar co que pensaban e que expuxeron o seu parecer e que o que se pretende é o mellor para Ribadeo, neste caso unha residencia que estima de necesidade.

Na mesma liña siguen apoiando e dí tamén que documento que se presenta é moi claro neste senso, indicando que se debe asegurar unha residencia pública para aqueles que non teñen medios e non poden pagar unha residencia privada e que por suposto dende o primeiro punto ao cuarto o Grupo Popular está totalmente de acordo e que apoian o mesmo.

Intervén a continuación o Sr.Alcalde e dí que por parte do seu Grupo non van facer engadidos novos, que todo o que eles pensan está contemplado no escrito e que se trata dunha necesidade, que todos nos volvemos vellos, que hai moito que loitar, incluso contra á comprensión dalgunhas institucións pero entende que a visión da Corporación é facerlles entrar en razón.

Manifesta os seus parabén a todos os Grupos que están apoiando isto e nada mais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos termos da mesma.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as nove horas e quince minutos, polo Sr.Alcalde-Presidente levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.